

# BASES PARA A ELECCIÓN DA/O REPRESENTANTE DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN ROQUE DE BETANZOS

A finalidade destas bases é establecer o proceso para a elección das persoas representantes das festas patronais de San Roque que se celebran en Betanzos entre os días 14 e 25 de agosto, en dúas categorías: representante maior e representante infantil.

1. Calquera persoa ou grupo de persoas poderán presentar a súa candidatura, ou ben a título individual ou ben a través dunha entidade betanceira (club, asociación...), sexa cal sexa a súa orientación sexual ou identidade de xénero e sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Representante maior: Estar empadroad/a en Betanzos, ter nacido nos anos 2008 ou 2007 e non ter sido representante con anterioridade.

b) Representante menor: Estar empadroad/a en Betanzos, ter nacido nos anos 2017 ou 2018 e non ter sido representante con anterioridade.

2. Cada persoa elixirá a vestimenta e as cores coas que participar no desfile sempre que sexa acorde a unha celebración.

3. A disposición da comitiva dos desfiles dos días 14, 15 e 16 de agosto será a que elixa a persoa representante, sempre que sexa compatible coa do propio desfile (é dicir, as persoas poderán ir de dúas en dúas, en grupo de tres, de catro....).

4. A comitiva da persoa representante terá un máximo de 24 integrantes.

5. Deberán presentar a solicitude no prazo establecido, cumprimentando a folla de inscrición xunto coa autorización expresa dos pais ou titores en caso de que sexan menores de idade.

6. A forma de elección será mediante un sorteo público.

7. O Concello non organizará ningunha cea vinculada á elección da persoa ou persoas representantes das festas. Se as persoas organizan algún tipo de celebración privada poderán solicitar, igual que calquera outra veciña ou veciño, a cesión dun local público para facela.

8. A participación neste procedemento implica a aceptación das presentes normas.

9. Datas de inscrición do 4 ó 16 de xuño.

O sorteo celebrarase o xoves 18 de xuño ás 13:00 horas no Salón Azul do edificio Arquivo.

Nota: Calquer fotografía que realice o concello no ámbito das festas locais será propiedade do mesmo, polo tanto mediante a inscrición neste concurso acéptase expresamente a realización e posterior utilización das mesmas por parte do Concello.

